

AS INSTALACIÓNS DE PICUSA RECIBEN UNHA NOVA VISITA DA UNIDADE MÓBIL DA AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE

A campaña de doazón de sangue promovida pola Axencia de Doazón de Órganos e Sangue achegase este martes 22 de setembro das 09:45 ás 14:00 horas ata as instalacións da empresa PICUSA

A unidade móbil da ADOS estará estacionada na entrada da fábrica para recoller a solidariedade de todos os seus traballadores e traballadoras. A Axencia quere agradecer as facilidades amosadas pola dirección de Picusa para realizar campañas periódicas de doazón de sangue desde o ano 2002. No transcurso destas visitas teñense recollido un total de 386 doazóns de sangue.